



Boletín de Medio Ambiente



Praia de Pedra do Sal

Concello: Carballo

Características: Praia semi-urbana composta por rochas e area que está incluída na Rede Natura 2.000 ao formar parte do LIC 'Costa da Morte', ten unha extensión de 300 metros e o seu nivel de ocupación é medio. O estado de ondada é moderada-forte.

Curiosidades: É un lugar idóneo para a observación xeolóxica. As fracturas que rompen as rochas son únicas: dan conta da formación de pequenas fallas e rupturas no terreo-provocadas por movementos da cortiza terrestre.

Noticias

Os concellos vense incapaces de cumprir a lei de protección animal

A nova lei de benestar animal imposta pola Xunta provocou unha avalancha de abandonos de cans debido ao aumento das esixencias para ter unha mascota.

Segundo a lei, os cans teñen que estar identificados cun chip e non poden permanecer atados, un costume na zona rural. Moitas persoas temen ás multas e soltan aos animais, lonxe das casas para que non poidan volver.

Debido a esta situación, desde o concello de Carballo confirmouse que xa non se recollen cans abandonados porque non hai vacantes na canceira.

Fonte: Lá Voz de Galicia

O revolucionario sistema para acabar coa gran illa de lixo do Pacífico

The Ocean Cleanup puxo en marcha na baía de San Francisco un revolucionario sistema de limpeza de lixo mariño. Trátase dunha tubería flotante de 600 metros de lonxitude que se atopa na superficie da auga e que conta cunha pantalla cónica de 3 metros de profundidade unida á mesma. O sistema é transportados polos movementos naturais dos océanos (correntes e ondas), atrapando restos de plástico durante o seu periplo.

No próximo lustro poderíanse retirar da superficie o 50% dos 1,8 billóns de fragmentos plásticos que esta alberga, segundo estiman os seus impulsores.

Fonte: ABC

438 concellos participan na Semana Europea da Mobilidade

Un total de 438 concellos españois sumáronse á Semana Europea da Mobilidade, unha iniciativa que este ano se celebra co lema “Combina e móvete”. Os concellos que participan neste programa desenvolverán actividades como roteiros en bicicletas, talleres, concursos fotográficos ou camiñadas durante toda a semana, co fin de divulgar a mobilidade sustentable entre os seus cidadáns.

A Semana da Mobilidade culminará o sábado co “Día sen coches”, coa participación de 175 municipios que ese día limitarán o tráfico privado e animarán aos cidadáns a utilizar o transporte público ou outras formas alternativas.

Os 438 municipios que se adheriron suman unha poboación de 24 millóns de persoas, o que supón que España é o segundo país, só por detrás de Austria (con 547 municipios adheridos), que reúne a máis entidades locais nesta iniciativa. Ademais, España situouse de novo como o país co maior número de medidas permanentes orientadas á transformación das cidades, con 2.418 accións executadas no último ano.

Fonte: Efeverde

Un peregrino provoca un incendio forestal no cabo Fisterra ao queimar a súa roupa ao final do Camiño

Foi un peregrino o que ocasionou o lume ao cumprir a tradición de queimar as súas roupas despois de chegar ao final do Camiño, á beira do mar fisterrán. As chamas saltaron das pezas aos toxos, crecidos e secos, o que en pouco quemou ata 500 metros cadrados. Moitos peregrinos desatenden as indicacións do Concello e cada pouco tempo poñen en perigo a integridade do espazo.

Fonte: La Voz de Galicia

A neve está a desaparecer en Suíza, mesmo nas cimas dos Alpes

A superficie sen neve no país alpino pasou do 36% ao 44% nas últimas dúas décadas e “este fenómeno está probablemente vinculado co cambio climático global”, segundo explica un equipo científico liderado por expertos da Universidade de Xenebra (Suíza).

O estudo baséase nas observacións de satélite durante 22 anos (1995-2017), e indica que Suíza perdeu uns 5.200 quilómetros cadrados de superficie cuberta de neve. En canto as zonas de “neve eterna”, onde a probabilidade de caída de neve está entre o 80 e 100%, hai unha perda de 2.100 quilómetros cadrados.

Os científicos que levaron a cabo o estudo alertan que a diminución da superficie cuberta de neve afecta a actividades como o esquí pero tamén á dispoñibilidade de auga ou risco de inundacións.

Fonte: La Vanguardia

Sabías que...

Cairo é a cidade máis contaminada do mundo?

Unha clasificación publicada pola revista *Forbes* a partir dos datos de polución ambiental, acústica e lumínica sitúa á capital exipcia na cima da lista.

A OMS afirma nos seus informes que pasar 24 horas no Cairo equivale a fumarse un paquete de 20 cigarros.

Boas Prácticas

Mercadona non é só un súper

Un supermercado Mercadona situado en Madrid ten como tellado parcelas situadas no interior dos patios de mazás contribuindo desta forma á rexeneración de espazos, fomentando tamén a instalación de xardíns urbanos nas cubertas dos centros. O obxectivo desta iniciativa é “mellorar a imaxe e a calidade de vida dos veciños”.

A cadea valenciana ten prevista a apertura doutros centros na cidade con xardíns. Do mantemento dos xardíns ocúpase a *Fundación Capacis*, dedicada á inserción social e laboral das persoas con discapacidade intelectual.

Fonte: El Mundo

Obxectivo cumprido na ría de Betanzos

Os 22 participantes na eco-regata celebrada o pasado sábado lograron eliminar por completo un antigo depósito ilegal de pneumáticos en plena marisma, a escasos metros do pazo de Mariñán. Coa axuda dun guindastre, os voluntarios retiraron 24 rodas e case un centenar de pneumáticos que levaban anos enterradas. O traballo non se limitou a retirar rodas. Os voluntarios encheron ademais un colector de dez metros cúbicos con todo tipo de desperdicios depositados nas marismas e a contorna da ría.

A Fundación Fragas do Mandeo ultima os preparativos para a segunda Semana de Custodia que se celebrará o próximo fin de semana, cunha serie de relatorios en Sada e unha excursión o domingo para limpar tres tramos do río Lambre.

Fonte: La Opinión de Coruña

As botellas de plástico dun só uso están prohibidas nos maratóns de Reino Unido

O media maratón de Harrow, do pasado domingo foi o primeiro evento de atletismo na rexión de Londres que se organizou sen plástico dun só uso. Os corredores puideron hidratarse durante os 21 quilómetros de percorrido con *Ooho*, auga en bolsiñas 100% biodegradables feitas dunha membrana a base de algas mariñas.

A marca *Ooho* elabora bolistas cheas de auga filtrada que son biodegradables en 4-6 semanas (tan rápido como os desperdicios alimentarios) e ten como obxectivo acabar cos efectos devastadores do plástico nos océanos e o medio ambiente.

Fonte: La Vanguardia

Axenda Ambiental

- 16/09/2018 – 22/09/2018 Semana Europea da Mobilidade
- 20/09/2018 – 23/09/2018 V Edición do Festival Mar de Mares. A Coruña
- Ata 28/09/2018 Concurso “Emprendemento Local pola Economía Circular”
- Ata 28/09/2018 Premios Medio Ambiente APROEMA
- 28/09/2018 – 7/10/2018 Proxecto Libera. 1m² polas Praias e os Mares

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: medioambiente@dacoruna.gal